

## OBRADOIRO DE FORMACIÓN COOPERATIVA PARA PERSOAS QUE QUEREN EMPRENDER

**DURACIÓN:** 20 HORAS

### OBXECTIVOS:

- Achegar o modelo cooperativo á cidadanía e en especial a persoas desempregadas que poden optar á fórmula do autoemprego cooperativo.
- Dar a coñecer o modelo cooperativo: as súas características e as súas achegas sociais e económicas.
- Coñecer unha experiencia real dunha cooperativa en funcionamento.

### PROGRAMA:

- Módulo 1.- O emprendemento.
- Módulo 2.- O cooperativismo de traballo como alternativa de emprego.
- Módulo 3.- Organización e financiamento.
- Módulo 4.- Experiencia cooperativa.

### CONTIDOS:

- 1ª sesión.-** Presentación de Ugacota e da Rede Eusumo. O emprendemento fronte a outras formas de emprego. O emprendemento colectivo e en cooperativa: Condicións básicas. Perfil da persoa emprendedora. As cooperativas fronte a outros tipos de empresas.
- 2ª sesión.-** Principios e valores do cooperativismo. Tipos de Cooperativas. As cooperativas de traballo asociado. Aspectos propios das cooperativas de traballo asociado.
- 3ª sesión.-** A organización nas sociedades cooperativas. O réxime económico e fiscal nas cooperativas. A viabilidade económica e societaria. Proceso de constitución.
- 4ª sesión.-** Experiencia cooperativa.

### METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. A acción formativa configúrase en 4 sesións de 5 horas de duración cada unha.

### DIRIXIDO A

Persoas desempregadas e aquelas, que estando en activo, queiran traballar de forma cooperativa.  
Grupo mínimo: 12 persoas  
Grupo máximo: 20 persoas